

## DESENVOLVEMENTO DA INTEGRACIÓN NO CORPO DE PES DO PTFP

1. Como prevé facer o sistema de acceso o Ministerio? En que prazo?
2. Con que normativa ten pensado regulalo, RD específico ou dentro dun novo RD de acceso e ingreso?
3. Está disposto o MEFP a ampliar mediante modificación legal o prazo para cumprir o requisito de titulación para integrarse no corpo de PES?
4. Con independencia do prazo, vai recoñecer a antigüidade e dereitos desde o día de entrada en vigor da LOMLOE ou desde a data efectiva de ingreso?
5. Está aberto o MEFP a aproveitar a nova LO de FP para introducir rectificacións e melloras no regulado na LOMLOE?
6. No caso de que o MEFP descarte unha integración xeral, como defende CIG-Ensino, que ten pensado facer con aspectos como a mobilidade ou a situación retributiva do profesorado que permaneza a extinguir no corpo de PTFP? Haberá moitos temas que, con independencia da preceptiva negociación sindical en cada ámbito (estatal, autonómico), precisarán de acordos entre CC.AA. e o Ministerio: mobilidade (Concurso de Traslados) ou a discriminación retributiva.

## TITULACIÓNS

1. **Diplomaturas, enxeñarías técnicas e arquitecturas técnicas.** Actualmente estas titulacións están limitadas a determinadas especialidades no corpo de PES, en función da afinidade das diplomaturas a cada especialidade. Vai seguir este criterio o MEFP coa integración do PTFP ou todo o PTFP vai poder integrarse con independencia da titulación universitaria que teña?
2. **TSFP.** Está aberto o MEFP a regular o ingreso e o acceso con esta titulación nas 10 especialidades nas que actualmente se pode acceder ao corpo de PTFP? A día de hoxe non só temos o caso das 22 especialidades do corpo de PES ás que se pode acceder cunha diplomatura ou equivalente senón tamén o da titulación para acceder ao corpo de Música e Artes Escénicas (Conservatorios) coa vella titulación, entre outras, de Profesor/a de Música, para a que no seu momento non se requiría nin sequera Bacharelato.

## PROFESORADO ESPECIALISTA

1. A diferenza do RD 1560/1995 o réxime de contratación fixado na LOMLOE é o laboral e non o administrativo. Está o MEFP en disposición de permitir que o actual profesorado interino con titulación de TSF poida seguir traballando como na actualidade (contrato administrativo, mesma titulación)?
2. Nas 10 especialidades afectadas hai moitas persoas que nestes últimos anos cursaron ou están a cursar o curso equivalente a mestrado. Dá o MEFP por pechado definitivamente o ingreso por oposición no corpo de PES e a contratación como persoal interino a quen teña titulación de FP ou está en disposición de regulalo para evitar pecharlle a porta a estes profesionais?